





MICE PETÍS

Programa para Centros
Educativos de Primaria da
MICE - Mostra Internacional
de Cinema Etnográfico.





MICE Petís é o espazo escolar dentro da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico que organiza o Museo do Pobo Galego e que terá lugar do **28 de marzo ao 1 de abril de 2022**.

Nesta edición, a programación específica para centros educativos conta coa colaboración de **Olloboi**, un festival audiovisual de curtametraxes feitos no ámbito escolar organizado desde o 2009 por unha asociación sen ánimo de lucro radicada en Boiro.



A proposta é unha selección de curtas realizadas por diferentes centros escolares galegos, moitas delas premiadas neste festival. Estes traballos tratan temáticas de interese para o alumnado, que van desde a actualidade do patrimonio etnográfico, a igualdade de xénero ou os valores mediambientais.

Que vos ofrecemos?

Sesións PRESENCIAIS· Durante a semana do 28/3 ao 1/4 teremos **sesións matinais no Museo** para poder ver estas curtas. Unha ás 11h e outra ás 12h30.

Sesións VIRTUAIS· A partir do 28 e até final de curso, esta proposta irá aos centros escolares facilitando e compartindo as curtas a través dunha ligazón, grazas a cal o profesorado poderá programar a MICE Petís nos propios centros.

Solicitudes en **servizosdeac@museodopobo.gal** ou chamar ao 981 58 36 20.



CURTAS PARA ALUMNADO DE 2º A 6º DE PRIMARIA

Regueifando en Marín.

CEIP do Carballal// Marín // 2019 // 3 min

Videoclip, a modo de regueifa moderna, no que dúas bandas se enfrontan para discutir sobre o acento cantarín de Marín para rematar ríndose da situación. As estrofas fan referencia a aspectos típicos da vila, expresións, ditos, etc.



Maruxa

CEIP Coirón // Meaño // 2015 // 6'10"



Traballando pola igualdade: os nenos e nenas do CEIP Coirón Dena intepretan "Maruxa", unha canción inspirada nun conto de Eva Mejuto. Dun xeito alegre, o alumnado cóntanos a impotancia de compartir as tarefas do fogar.

A escaleira

CEIP A Lama // A Lama // 2014 // 5'03"

Adaptación do conto de Beatriz Montero "La escalera" e realizado coa técnica de Stop Motion.





A mellor sopa do mundo!

CEIP A Xunqueira nº 2 // Pontevedra// 2018 //5'45"

Unha gran nevarada sorprende no bosque a varios animais que acoden a refuxiarse á cabana de Tartaruga. Cada un deles, en agradecemento, ofrece un ingrediente que a tartaruga engade á sopa que estaba a preparar. Un final engaiolante revela o segredo do ingrediente especial que fixo daquela sopa... a mellor sopa do mundo!



Os superpoderes dos alimentos


CEIP A Lama// A Lama // 2015 // 8'17" □

Traballo realizado polo alumnado do CEIP "A LAMA" como parte do Proxecto Documental Integrado, "Sementa Ideas, Recolle Futuro".

Milo

CEIP de Coirón-Dena// Meaño // 2016 // 4'54"

Unha curta para concienciar sobre os dereitos dos animais de compañía e das nosas obrigas cara a eles.





MODALIDADE PRESENCIAL

- Temporalización: 50 minutos.
- Datas: do 28/3 ao 1/4.
- Horario: ás 11h ou ás 12h30. (Podedes escoller **1 sesión**, por grupo, das 2 ofertadas)
- Reservar sesión en servizosdeac@museodopobo.gal
- Actividade gratuíta.

MODALIDADE VIRTUAL

- É necesaria unha aula ou espazo con dispoñibilidade para proxectar o filme.
- O DEAC enviará unha ligazón e contrasinal para poder acceder ós filmes.
- Solicitar en servizosdeac@museodopobo.gal
- Actividade gratuíta.



Museo do Pobo Galego

